



Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, nº 28, 2º Dcha
15005 A Coruña
prensa@xornalgalicia.com

RESOLUCIÓN SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente núm.: PR100A_2020/008

Procedemento: Acceso a información pública

Interesado: Miguel Ángel Delgado González

Data de inicio: 03/02/2020

1.- Presentación dun escrito que recolle varias solicitudes de información

O 3 de febreiro de 2020 recepcionouse na Secretaría Xeral da Presidencia, a súa solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que quedou rexistrada co número 2020/ 214337. A partir da data mencionada comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O obxecto da solicitude é a obtención da seguinte información que dividimos en bloques:

- 1.- Información e documentación pública, relacións, convenios, colaboracións, campañas, rexistros de solicitudes, o calquera outro nos que teñan intervido a Consellería de Sanidade, o Sergas, a Secretaría de Emigración, Antonio Rodríguez Miranda e a Presidencia.
- 2.- Rexistros dirixidos ou recibidos coas entidades Casa de Galicia en Montevideo, José Honorio Leborgne, Mutua de la Casa de Galicia en Uruguay, Escotet Presidente de ABANCA, Asociación de Empresarios Gallegos del Uruguay, Asociación Española Primera de Socorros Mutuos de Montevideo, Alberto Iglesias Rodríguez Pte varios organismos en Uruguay, xerente da Asociación Española de Primera de Socorros Mutuos Julio Martínez Pérez e Clínica Leborgne.
- 3.- Convenios coa Asociación Española primeira de socorros mutuos e a Casa de Galicia, Institucións de Asistencia Médica Colectiva de Uruguay, Mutua da Casa de Galicia en Uruguay, nos que consten as seguintes persoas: Benito Grande Quintana, José Enrique Sierra, tesorera doctora María José Cancela, protesorero Javier Nicolás Rodríguez, José Luis Pazos, Gustavo Iglesias, Gustavo Cola Cancela, Walter





Echenique, Víctor Laxalt Gonzalo Beloso, Pablo Huerta ou María José Zugarramundi, sempre que consten fondos públicos correspondente ós anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 ou 2020.

2.- Análise do contido das solicitudes recollidas no escrito do particular

Unha vez analizada con detalle a súa solicitude, dedúcese claramente que os dous primeiros bloques, non se refiren a información pública existente.

A resposta a estas dúas primeiras solicitudes esixiría recabar información detallada a diferentes entes e persoas, sobre diferentes tipos de expedientes, trámites, documentos, anotacións, respecto de un extenso número de persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas; é dicir, dar resposta ás súas dúas primeiras solicitudes esixiría a elaboración dun informe ex-novo.

Considérase polo tanto que nas dúas primeiras solicitudes se incorre no suposto establecido na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, xa que a información que vostede solicita non está dispoñible senón que esixiría unha inxente labor de investigación e consulta para chegar, tras o tratamento dos datos recabados, á confección dun extenso informe específico, que non existe na actualidade, nin tería o carácter de información pública, segundo a definición recollida no artigo 13 da Lei 19/2013.

Ademais isto suporía destinar inxentes medios da administración pública para a elaboración de informes ad-hoc para un particular, sen que esta actividade administrativa estea amparada en ningunha norma xurídica.

De acordo co previsto na letra c) do número 1 do artigo 18 da citada Lei 19/2013, inadmitiranse a trámite as solicitudes de acceso á información pública *relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración*.

En consecuencia, con fundamento no disposto na letra c) do artigo 18.1 da Lei 18/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, inadmítense as súas dúas primeiras solicitudes por canto non se trata de solicitudes de información pública segundo os termos previstos no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia.

Noutras palabras, trátase de dúas solicitudes de documentos que non existen: o dereito a acceder a documentos inexistentes non forma parte, evidentemente, do contido do dereito á información pública, como teñen aclarado diversas resolucións do Consello de Transparencia e da Comisión Galega da Transparencia. Neste sentido, a Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia no Expediente RSCTG 017/2018 expresa que: "A Lei non recoñece, como é obvio, o dereito a solicitar información ou





documentos que non existen, e no presente caso non existe, porque nin a normativa reguladora do suxeito incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei, nin a actividade concreta sobre a que se pide, non o esixe”.

Por outra parte, compre poñer de manifesto que o artigo 18 da citada Lei 19/2013 sinala no seu apartado e) que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou tengan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.

A modo de exemplo, o Criterio Interpretativo 3/2016, do 14 de xullo, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, indica que *“El artículo 18.1.e) de la LTAIBG asocia el carácter abusivo de la solicitud a la condición de que la petición “no esté justificada con la finalidad de la Ley. De este modo hay dos elementos esenciales para la aplicación de esta causa de inadmisión: (...) B) Que el ejercicio del derecho pueda considerarse excesivo, es decir, cuando no llegue a conjugarse con la finalidad de la Ley. (...) Consecuentemente, NO ESTARÁ JUSTIFICADA CON LA FINALIDAD DE LA LEY cuando: (...) - Cuando tenga por finalidad patente y manifiesta obtener información que carezca de la consideración de información pública de acuerdo con la definición del artículo 13 de la LTAIBG.”*

A finalidade da Lei é dar acceso ós particulares á información pública xa existente na administración pública, sen necesidade de realizar unha tarefa de elaboración ad-hoc. Porén, a elaboracións de novos documentos e informes -non existentes nin previstos na normativa vixente- esixiría unha inxente labor administrativa, destinando medios persoais e materiais da administración a finalidades distintas ás previstas na lei, en beneficio exclusivo dun particular. Debe terse en conta que a finalidade da lexislación de transparencia é dar acceso a información pública xa existente, polo que se considera que esta solicitude, no tocante aos dous primeiros bloques, **tamén estaría incurso no suposto de inadmisión previsto na letra e) do artigo 18**, por ter un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.

Respecto do terceiro bloque, información sobre convenios asinados entre os anos 2013 e 2020 que conleven o emprego de fondos públicos, unha vez solicitada a correspondente información á Secretaría Xeral de Emigración, se concede o acceso solicitado e **se lle remite copia dos asinados nos anos 2013, 2014, 2015, 2018 e 2019**. Respecto do ano 2020 non existe ningún convenio que cumpra cos requisitos da súa solicitude.

Respecto dos asinados nos anos 2016 e 2017, pode acceder ao seu contido no seguinte enlace:

<https://www.xunta.gal/consulta-convenios?accion=busqueda&titulo=uruguai&dDD=1&dDM=0&dDY=2013>





Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

